



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas para su respuesta escrita relativa a las solicitudes de asilo y protección internacional o subsidiaria de personas palestinas y sobre la demora en su tramitación.**

Desde hace tiempo, numerosos profesionales del ámbito de la justicia vienen denunciando que el Estado español no está garantizando el derecho de asilo, especialmente en el caso de personas saharauis, pero también, en los dos últimos años, ante el recrudecimiento del conflicto armado y el genocidio en Gaza, del pueblo palestino.

Así, reclaman que se agilicen las fases de tramitación de las solicitudes de asilo y protección subsidiaria y se establezca un sistema ágil y útil, además de mejorar la dotación de recursos materiales y personales en las oficinas que tramitan estos temas para que las personas solicitantes puedan acceder a los sistemas de acogida lo antes posible.

Las personas que huyen de la muerte y la destrucción del genocidio de Palestina no deberían padecer trámites largos, tediosos y llenos de burocracia, y también debería tenerse en cuenta que la situación actual en Gaza o Cisjordania no permite solicitar documentación escrita como certificados de nacimiento u otros registros.

Las asociaciones denuncian que las autoridades del Estado permiten la entrada de personas palestinas como turistas para que luego soliciten asilo en lugar de tramitarlo directamente como solicitud en la frontera, una metodología con la que se incumplen todos los plazos y regulaciones. Vale la pena recordar que la cita para asilo puede tardar meses y, mientras tanto, los solicitantes no tienen acceso a ninguna ayuda.

Según datos facilitados por la organización Juristas por Palestina, más de 200 solicitudes han sido presentadas por personas palestinas que necesitan una respuesta inmediata por parte del Gobierno y aliviar así su delicada situación. Se trata de personas palestinas que han logrado llegar al Estado español por diferentes medios en los últimos dos años para encontrarse con la imposibilidad de acceder a la debida protección internacional; además, tanto la legislación estatal como la internacional, como por ejemplo la Convención de Ginebra, protegen el derecho de asilo como una obligación de los Estados.



Desde hace más de 5 años que las Oficinas Estatales de Asilo están prácticamente desmanteladas, sin personal ni recursos. Así, pueden pasar meses e incluso años desde que se solicita protección internacional. De hecho, denuncian que los plazos para obtener protección internacional pueden llegar a los 3 años, y luego, si intentan traer a su familia, tendrán que iniciar otro viaje, enfrentándose a un proceso en el que se exige una documentación imposible de conseguir en un territorio destruido como la Franja de Gaza. Los plazos son tan largos que, en algunos casos, los familiares que esperaban mueren o desaparecen sin lograr una resolución.

La situación se viene prolongando incluso desde antes del genocidio, por lo que, según datos de la Oficina de Asilo y Refugio del Ministerio del Interior, el Gobierno ha negado protección internacional a más de 2.083 personas palestinas desde 2019. En la última década, el Ejecutivo español ha registrado un total de 6.115 solicitudes de protección internacional procedentes de Palestina, pero solo se ha reconocido como refugiados o concedido protección subsidiaria a 1.564.

El derecho de asilo está reconocido en la CE y en la legislación que lo desarrolla, y según ésta, cualquier persona puede solicitar protección internacional que implica, por un lado, el estatuto de persona refugiada, que se concede a quien sufre persecución individual por razón de religión, raza, identidad de género u opiniones políticas y, por otro, la protección subsidiaria que se concede a quien no cumple los criterios de refugiado pero puede acreditar que regresar a su país supone un peligro. La concesión de protección internacional reconoce derechos, como la autorización de residencia y trabajo, y facilita el acceso a servicios públicos de empleo, sanidad, vivienda o educación, entre otros.

En definitiva, creemos que la situación de genocidio en Palestina está suficientemente acreditada, y debe mover a los poderes públicos a agilizar los trámites, en lugar de tener a las personas palestinas solicitantes de asilo y protección internacional en un limbo de trámites interminables, burocracia, retrasos e infinidad de requisitos imposibles de cumplir. Por todo ello, exigimos al Gobierno del Estado que atienda estas solicitudes con la mayor celeridad posible y que facilite recursos y personal suficientes para ello.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Cuántas solicitudes de asilo e de protección internacional o subsidiaria ha recibido en los últimos dos años de personas palestinas? ¿Cuántas se han denegado? ¿Cuántas



- solicitudes hay procedentes de otras nacionalidades? ¿Tiene datos sobre la duración media de los procesos de solicitud de asilo?
2. ¿Cuál es la razón de la lentitud y el retraso en el procesamiento de estas solicitudes cuando se trata de personas que huyen de la guerra abierta, los bombardeos y el genocidio? ¿Está de acuerdo en que debería tratarse de un proceso ágil?
 3. ¿Cómo se explica que se tarden meses o años en resolver estas solicitudes de protección internacional, totalmente justificadas?
 4. ¿Qué medidas adoptará el Gobierno para agilizar la tramitación de las solicitudes de asilo, especialmente las de personas palestinas?
 5. ¿Proporcionará el Gobierno suficientes recursos materiales y personales a las oficinas encargadas de tramitar las solicitudes de asilo y protección subsidiaria? ¿Establecerá un sistema ágil y útil para que las solicitudes de asilo se tramiten con la celeridad que requieren situaciones como el genocidio en Palestina?
 6. ¿Sabe usted que el genocidio en Gaza no permite largos trámites burocráticos ni la exigencia de documentación que, dada la situación de destrucción, no pueden proporcionar?

Madrid, a 23 de octubre de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

23 OCT. 2025 15:17:30

Entrada **86520**

Sobre as solicitudes de asilo e protección internacional
subsidiaria de persoas palestinas

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ás solicitudes de asilo e protección internacional ou subsidiaria de persoas palestinas e sobre a demora na súa tramitación.**

Hai tempo que numerosos profesionais do ámbito da xustiza veñen denunciando que o Estado español non está a garantir o dereito de asilo, especialmente no caso das persoas saharauís, mais tamén, nos últimos dous anos atendendo a recrudescencia do conflito armado e o xenocidio en Gaza, de persoas palestinas.

Así, demandan que se axilicen as fases de tramitación das solicitudes de asilo e de protección subsidiaria e que se instaure un sistema áxil e útil, ademais de mellorar a dotación de medios materiais e persoais nas oficinas que tramitan estes temas para que as persoas demandantes poidan acceder aos sistemas de acollida canto antes.

As persoas que foxen da morte e da destrución do xenocidio de Palestina non deberían padecer tramitacións longas, procelosas e cheas de burocracia, e ademais debería terse en consideración que a actual situación de Gaza ou de Cisjordania non permite a solicitude de documentación escrita como partidas de nacemento ou outros rexistros.

As asociacións denuncian que as autoridades no Estado permiten entrar ás persoas palestinas como turistas para que logo soliciten o asilo en lugar de tramitalo directamente como solicitude en fronteira, metodoloxía coa que se



incumpren todos os prazos e normativas. Cabe lembrar, que a cita para o asilo pode tardar meses e, mentres tanto, as persoas solicitantes non teñen acceso a ningunha axuda.

Segundo datos facilitados pola organización Xuristas por Palestina, presentáronse máis de 200 solicitudes por parte de persoas palestinas que precisan dunha resposta inmediata por parte do Goberno e aliviar así a súa delicada situación. Trátase de persoas palestinas que lograron chegar ao Estado español por distintos medios nos últimos 2 anos para encontrarse coa imposibilidade de acceder á debida protección internacional, é máis, tanto a lexislación estatal como a internacional, por exemplo a Convención de Xenebra, amparan o dereito de asilo como unha obriga dos Estados.

Hai máis de 5 anos que as Oficinas de Asilo do Estado están, practicamente, desmanteladas, sen persoal nin medios. Así, desde que se pide a protección internacional poden pasan meses e mesmo anos. De feito, denuncian que os prazos lograr a protección internacional poden chegar a 3 anos, para despois, no caso de que intenten traer á familia, ter que iniciar outro periplo, enfrentándose a un proceso en que se exige documentación imposible de conseguir nun territorio destruído como é o caso da Faixa de Gaza. Os prazos alónganse tanto que, nalgúns casos, os familiares que agardaban morreron ou desapareceron, sen lograr unha resolución.

A situación arrástrase mesmo desde antes do xenocidio, así, segundo os datos da Oficina de Asilo e Refuxio dependente do Ministerio de Interior, indican que o Goberno denegou a protección internacional a máis de 2.083 persoas palestinas desde 2019. Na última década o Executivo español rexistrou un total de 6.115 solicitudes de protección internacional procedentes de Palestina, mais só se recoñeceu a condición de refuxiado ou protección subsidiaria a 1.564.

O dereito de asilo está recoñecida na CE e na lexislación que a desenvolve, e segundo esta, calquera persoa pode solicitar protección internacional que implica, por unha parte, a condición de persoa refuxiada, que se concede a quen sufra unha persecución individual por relixión, raza, identidade de xénero ou opinións políticas e, por outro, a protección subsidiaria que se outorga a quen



non cumpre cos criterios de refuxiado pero pode acreditar que volver ao seu país supón un perigo. A concesión da protección internacional reconece dereitos, como a autorización de residencia e traballo, e facilita o acceso a servizos públicos de emprego, sanidade, vivenda ou educación, entre outros.

En definitiva, cremos que a situación de xenocidio de Palestina está suficientemente acreditada, e debe mover ás autoridades públicas a axilizar os trámites, en lugar de ter ás persoas palestinas solicitantes de asilo e de protección internacional nun limbo de longas tramitacións, burocracias, retrasos e unha infinidade de requisitos que non imposíbeis de cumprir. Por todo isto, demandamos ao Goberno do Estado que atenda estas solicitudes coa máxima celeridade e dotando de medios e persoal suficientes para logralo.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Cantas solicitudes de asilo e de protección internacional ou subsidiaria recibiu nos últimos dous anos de persoas palestinas? Cantas se denegaron? Cantas son as solicitudes procedentes doutras nacionalidades? Ten datos sobre a duración media dos procesos de solicitude de asilo?
2. A que se debe a lentitude e demora na tramitación destas solicitudes cando se trata de persoas que foxen dunha guerra aberta, bombardeos e do xenocidio? Comparte que debера tratarse dun proceso áxil?
3. Como explica que se tarden meses ou anos en resolver estas solicitudes de protección internacional totalmente xustificadas?
4. Que medidas adoptará o Goberno para axilizar a tramitacións das solicitudes de asilo, especialmente das persoas palestinas?



5. Dotará o Goberno de suficientes medios materiais e persoais ás Oficinas encargadas da tramitación das solicitudes de asilo e de protección subsidiaria? Instaurará un sistema áxil e útil para que as solicitudes de asilo se tramiten coa celeridade que exixen situacións como a do xenocidio de Palestina?

6. É consciente de que o xenocidio de Gaza non permite tramitacións burocráticas longas e a exixencia de documentación que dada a situación de destrución non poden chegar?

Madrid, a 23 de outubro de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso